

Proposta completa

Evocadoras imaxes

PAULA FERNÁNDEZ

A complicidade literaria e plástica coa que nos deleitaron o autor e o ditor Fran Alonso (Vigo, 1963) e o fotógrafo Manuel G. Vicente (Vigo, 1958) no ano 2002 con *A casa da duna* (Edicións Xerais) volve facerse patente agora en *A araña e mais eu*, outro espectáculo visual de Kalandraka editora onde a fotografía e a poesía van da man, para nos amosar o corpo dunha meniña examinado por unha araña curiosa, que, lonxe de producir rexeitamento ou evidenciar fobias, tal e como adoita acontecer con estes bichos, simboliza a valor da amizade e o das palabras nun interesante xogo comparativo baseado na sinxeleza e na cotianeidade dos termos e dos conceptos.

A araña que aterra no corpo espido da voz narradora comeza sen reparo unha atrevida viaxe; pasea, para, rastrexo, percorre ou gabea por moitos dos recunchos desta peculiar xeografía, que lle valen a quen escribe para realizar fermosas e acertadas semellanzas e a quen fotografía para recrear estas simi-

litudes dunha maneira moi aproximada, tanto no que atinxe á forma coma á textura das froitas que evocan os nocellos, as pernas, os xeonllos ou as nádegas da protagonista.

As tradicionais tres partes en que se artella, a chegada da araña, a súa viaxe e a súa marcha, á beira do necesario emprego de verbos de movemento, fan desta unha narra-

ción viva e móbil, onde quen le avanza ao mesmo tempo ca o animal grazas ao recurso paralelístico mediante o cal a araña chega a algunha zona, a meniña decátase da súa presenza e fai a súa comparación e, finalmente, a araña marcha. Unha narración da que cómpre salientar a poesía latente nas súas páxinas e as súas evocadoras e case que sinestésicas imaxes, capaces de transmitir aos lectores e lectoras sensacións corporais idénticas ás que nos achegan as fotografías.

Xa que logo unha proposta completa, unha conxunción da compoñente visual e da literaria, difíciles de separar, que ten presente sempre o que hai de sensitivo nestas e que acerta na escolla do corpo infantil por ser o que antes responde aos estímulos e, se cadra debido á inocencia da Alma e á efervescencia imaxinativa destas idades, o que máis e mellor se recrea neles.

ALONSO, Fran /
VICENTE, Manuel G., *A araña e mais eu*, Ed. Kalandraka, Pontevedra, 2009, PVP 13 €

